

DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA

ESPECIALIDADE: MUSICOLOXÍA

MATERIA: HISTORIA DA MÚSICA ANTIGA E MEDIEVAL

1ª CURSO

OBXECTIVOS XERAIS

- Promover unha reflexión crítica sobre o coñecemento histórico, as súas potencialidades e os seus límites.
- Concebir e realizar traballos de investigación musicolóxica, de diferentes graos de complexidade.
- Recoñecer e contextualizar histórica e estéticamente, cada estilo musical en función das súas características.
- Coñecer e comprender a música de cada época en relación cos conceptos estéticos imperantes.
- Contextualizar a creación musical na sociedade na que aparece, e relacionala co resto de actividades artísticas contemporáneas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Comprender e valorar o interese artístico da música medieval.
- Entender e apreciar as técnicas compositivas empregadas na música deste período, como base da apreciación estética da mesma.
- Ler, analizar e interpretar textos e fontes medievais (non exclusivamente de carácter musical), como base da contextualización histórica da música da época.
- Descubrir as principais características das “sociedades medievais”, e a súa influencia na creación musical de cada período.
- Construír esquemas históricos sobre os diferentes períodos tratados, nos que se relacionen diferentes aspectos (sociais, políticos, económicos, musicais, literarios...).

CONTIDOS CONCEPTUAIS

A monódia profana. As primeiras polifonias e os seus fundamentos teóricos. A polifonía aquitana: Saint Martial e Códice Calixtino. A Escola de Notre-Dame. O Ars Antiqua. O Ars Nova en Francia: Guillaume de Machaut. A música do trecento en Italia. O Ars Subtilior a finais do século XIV. A música inglesa nos séculos XIV e XV. A escola borgoñona: Guillaume Dufay e Gilles Binchois.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

Análise auditiva de estruturas modais. Apreciación do ritmo libre en oposición ao ritmo métrico. Análise de características de obras polifónicas (número de voces,

DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA**ESPECIALIDADE: MUSICOLOXÍA****MATERIA: HISTORIA DA MÚSICA ANTIGA E
MEDIEVAL**

textura...). Identificación auditiva de “consonancias e disonancias” no período medieval. Recoñecemento de estruturas formais simples e desenvolvidas. Lectura e análise de textos. Manexo de referencias bibliográficas. Redacción de textos científicos.

CONTIDOS ACTITUDINAIS

Valoración de elementos musicais “extraños” á música “clásica” occidental (monodía, ritmo libre...). Interese polo descubrimento de novas técnicas compositivas. Apreciación da consulta bibliográfica como medio fundamental da construción do coñecemento histórico.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identificar a través da audición e/ou partitura, obras de diferentes períodos e describir os seus trazos estilísticos máis característicos.
- Interrelacionar a historia da música coa doutros aspectos da cultura e o pensamento.
- Recoñecer as circunstancias de todo tipo (políticas, culturais, económicas, ideolóxicas) que poidan incidir na creación musical das distintas épocas, estilos ou autores máis representativos.
- Propor preguntas que apronfodicen no coñecemnto histórico, e saber empregar unha metodoloxía adecuada para respondelas.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

- Participación de forma activa nos exercicios propostos na aula.
- Realización de exercicios escritos de carácter práctico, que consistirán na análise auditiva e/ou sobre partitura de diversas obras.
- Realización de exercicios escritos trimestrais, que permitan avaliar a capacidade crítica do alunado en función dos coñecementos adquiridos até ese momento.
- Realización e presentación ao final do curso, dun traballo de investigación sobre algún dos contidos tratados durante o mesmo. Os temas de ditos traballos serán decididos polo alunado pero dirixidos e supervisados polo profesor.
- Na convocatoria de setembro os/as alumnos/as deberán presentar os exercicios trimestrais non presentados durante o curso ou que non obtiveran unha calificación positiva, así como o traballo de investigación que non cumprira os mesmos requisitos.

DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA

ESPECIALIDADE: MUSICOLOXÍA

MATERIA: HISTORIA DA MÚSICA ANTIGA E MEDIEVAL

RECURSOS MATERIAIS

- Equipo de música con lector de CD.
- Discografía para as audicións aportada polo profesor
- Bibliografía básica para consulta en sala: dicionários e manuais de referencia (subministrados pola biblioteca do centro e en parte da biblioteca privada do profesor que imparte a materia)

DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA

ESPECIALIDADE: MUSICOLOXÍA

MATERIA: HISTORIA DA MÚSICA ANTIGA E MEDIEVAL

2ª CURSO

OBXECTIVOS XERAIS

- Promover unha reflexión crítica sobre o coñecemento histórico, as súas potencialidades e os seus límites.
- Concebir e realizar traballos de investigación musicolóxica, de diferentes graos de complexidade.
- Recoñecer e contextualizar histórica e estéticamente, cada estilo musical en función das súas características.
- Coñecer e comprender a música de cada época en relación cos conceptos estéticos imperantes.
- Contextualizar a creación musical na sociedade na que aparece, e relacionala co resto de actividades artísticas contemporáneas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Comprender e valorar o interese artístico da música do renacemento e do barroco.
- Entender e apreciar as técnicas compositivas empregadas na música deste período, como base da apreciación estética da mesma.
- Ler, analizar e interpretar textos e fontes do período histórico analizado (non exclusivamente de carácter musical), como base da contextualización histórica da música da época.
- Valorar a relación entre música e texto, no manierismo e no barroco.
- Coñecer o xurdimento e evolución da música para instrumentos.
- Entender os procesos sociais, culturais e estéticos que levan ao xurdimento da ópera, e a súa extensión en Europa.
- Discernir os elementos de carácter musical que levan a aparición e consolidación da música tonal.
- Construír esquemas históricos sobre os diferentes períodos tratados, nos que se relacionen diferentes aspectos (sociais, políticos, económicos, musicais, literarios...).

CONTIDOS CONCEPTUAIS

A primeira xeración de músicos ultramontanos dende Ockeghem a Josquin. A escola franco-flamenca na primeira metade do século XVI e o estilo internacional. A música en Francia, Italia e Alemaña. A aparición da música instrumental. A música do renacemento na península ibérica. Os modelos da polifonía no final do renacemento:

DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA

ESPECIALIDADE: MUSICOLOXÍA

MATERIA: HISTORIA DA MÚSICA ANTIGA E MEDIEVAL

Orlando di Lasso e Giovanni Pierluigi da Palestrina. Os madrigalistas e a expresión do texto: de Jacob Arcadelt a Carlo Gesualdo. A escola veneciana: os Gabrieli. Música do barroco temprano: O inicio da ópera. Música vocal de cámara e relixiosa. A música instrumental. O barroco pleno: A Música italiana. A Música francesa. Outras escolas periféricas: Inglaterra, España, Alemaña. O barroco tardío: A Ópera no século XVIII. A música instrumental da primeira metade do século XVIII. Música relixiosa do barroco final.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

Análise de características de obras polifónicas (número de voces, textura...). Discriminación de instrumentos. Recoñecemento de estruturas formais simples e desenvolvidas. Análise auditivo de estruturas modais e tonais. Lectura e análise de textos. Manexo de referencias bibliográficas. Redacción de textos científicos.

CONTIDOS ACTITUDINAIS

Interese polo descubrimento de repertorio menos coñecido. Apreciación das características intrínsecas da música vocal e a súa relación coa música instrumental. Apreciación da consulta bibliográfica como medio fundamental da construción do coñecemento histórico.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identificar a través da audición e/ou partitura, obras de diferentes períodos e describir os seus trazos estilísticos máis característicos.
- Interrelacionar a historia da música coa doutros aspectos da cultura e o pensamento.
- Recoñecer as circunstancias de todo tipo (políticas, culturais, económicas, ideolóxicas) que poidan incidir na creación musical das distintas épocas, estilos ou autores máis representativos.
- Propor preguntas que apronfodicen no coñecemnto histórico, e saber empregar unha metodoloxía adecuada para respondelas.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

- Participación de forma activa nos exercicios propostos na aula.
- Realización de exercicios escritos de carácter práctico, que consistirán na análise auditiva e/ou sobre partitura de diversas obras.

DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA

ESPECIALIDADE: MUSICOLOXÍA

MATERIA: HISTORIA DA MÚSICA ANTIGA E MEDIEVAL

- Realización de exercicios escritos trimestrais, que permitan avaliar a capacidade crítica do alunado en función dos coñecementos adquiridos até ese momento.
- Realización e presentación ao final do curso, dun traballo de investigación sobre algún dos contidos tratados durante o mesmo. Os temas de ditos traballos serán decididos polo alunado pero dirixidos e supervisados polo profesor.
- Na convocatoria de setembro os/as alumnos/as deberán presentar os exercicios trimestrais non presentados durante o curso ou que non obtiveran unha calificación positiva, así como o traballo de investigación que non cumprira os mesmos requisitos.

RECURSOS MATERIAIS

- Equipo de música con lector de CD.
- Discografía para as audicións aportada polo profesor
- Bibliografía básica para consulta en sala: dicionários e manuais de referencia (subministrados pola biblioteca do centro e en parte da biblioteca privada do profesor que imparte a materia)